

REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS
ACTA Nº1

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Yolanda T. Lesmes Romero

Vicexerenta de Recursos Humanos:

Noemi Sirera Diéguez

Director de Área:

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

XUNTA PTXAS

Rodrigo Alberte Pivida (CIG), secretario

Mª José Ríos Santomé (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Paula María González Pérez (CIG)

José Luis Pita Carballo (CIG)

Remedios Lameiro Diéguez (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

Mª Nuria Andiñón Rodríguez (CCOO)

Patricia Sío Bacelo (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Raquel Aldrey Río (CCOO)_Delegada Sindical

Javier Novas Míguez (FOL)

Mª del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Alejandro Martínez Gómez (FOL)

Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Teresita del Niño Jesús Aboal Somoza (UGT)-DS

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 11:00 horas, do 09 de maio de 2025, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Saúdo do Reitor
2. Informe de Xerencia

Firmado por ALVERTE PIVIDA
RODRIGO - ***4717** el día
04/12/2025 con un a 1 | 7
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios



3. Entrega dos temarios definitivos das convocatorias negociadas para a execución das OEP 2023 e 2024
4. Convocatoria de listas de agarda
5. Actualización de funcións TEBS
6. Borrador modificación parcial da RPT
7. Constitución dos órganos Colexiados que se derivan da Xunta de persoal
8. Rolda de intervencións.

1. Saúdo do Reitor

O reitor dá os parabéns aos novos representantes elixidos nas últimas eleccións e fai fincapé en que o Equipo de Goberno segue coa mesma filosofía de chegar ao máximo número de acordos posibles cos representantes do persoal. Presenta ao novo Director de Área de Estratexia de Recursos, Dotación e Redimensionamento dos Cadros de Persoal Técnico e de Xestión Administrativa, Xoan Manuel Cebro Rodríguez e engade que dependerá directamente do Reitor.

A xerenta súmase aos parabéns pola constitución da nova Xunta PTXAS. Logo desta nova configuración do órgano de representación plantéxase unha liña de traballo con continuidade para sacar adiante todos os temas que están pendentes.

Xoan Cebro lembra que coa xerencia do anterior equipo de goberno pasáronse 8 anos de escuridade nos que non se chegou a ningún acordo, todo se impuxo dende a xerencia. Dende hai seis anos, con este novo equipo de goberno e nova xerencia, empezouse a negociar cos órganos de representación e chegaronse a acordos tan importantes como foi a funcionarización, a estabilización do persoal interino, ou o acordo de nivel mínimo 18 para os postos base, feito inigualable en ningunha universidade.

2. Informe de Xerencia

A xerenta informa de que o día 14 de maio sairá publicado no DOG a convocatoria de concurso específico das xefaturas de Servizo de Contabilidade e o Servizo de RRHH de Investigación así como da Administración do Campus de Ourense, logo da xubilación da súa administradora.

Xosé Manuel García Eirín pregunta se, mentres non se cubre definitivamente a baixa da Administradora de Ourense, se vai cubrir en comisión de servizos.

A xerenta responde que non paga a pena cubrir esa praza en comisión de servizos porque leva case o mesmo tempo resolver un proceso coma o outro. Continúa informando das contratacións

Firmado por ALVERTE PIVIDA
RODRIGO - ***4717** el día
04/12/2025 con un a 2 | 7
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios



enviadas ao Servizo de PAS para o mes de maio. Explica que se está a desenvolver un aplicativo para dar máis axilidade e confianza na xestión das listas de agarda. Sería unha app para descargar no teléfono móbil onde saíran as ofertas publicadas en bloques, todas ao mesmo tempo.

Xosé Manuel García Eirín non ve axeitado que a unha persoa allea á universidade se teña que instalar un aplicativo da Uvigo no seu móbil para acceder a unha posible contratación.

Juan Ignacio Nogueira Alonso considera que este sistema debería ser unha opción nunca un requisito obrigado para acceder a unha contratación. Considera que hai outros métodos para ver as ofertas como podería ser unha páxina web que calquera puidera consultar.

A xerenta di que esta opción está en fase de desenvolvemento, e entende que non é o único sistema. Os mecanismos poden ser diversos, pero o que si é unha obriga é a de simplificar os procedementos e aliviar as cargas innecesarias na administración.

Tita Aboal pregunta pola cobertura da praza de tarde na Biblioteca Central que non está cuberta dende hai meses.

A xerenta responde que está en estudo e que en breve se lle dará unha resposta.

Victoria Alonso Crespo quere que conste en acta que ela, para poder vir a esta reunión, tivo que cerrar a biblioteca.

A xerenta continúa co informe explicando o acordo de teletraballo na Área TIC. Comezou este plan experimental o día 21 de abril e afecta só a unhas determinadas subescalas, aínda que por exemplo a Área SAUM non pode gozar de teletraballo pola especificidade das súas funcións. Finalmente indica que o PTXAS temporal está por baixo do 8% polo que se está a cumprir coa normativa.

3. Entrega dos temarios definitivos das convocatorias negociadas para a execución das OEP 2023 e 2024

A xerenta lembra que coa anterior Comisión Unitaria de Negociación do PAS se estivo avanzando nas convocatorias derivadas das OEP 2023 e 2024. Os temarios xa quedaron acordados quedando simplemente uns flecos da parte común das escalas e subescalas que non son de Administración. Fíxose entrega deses temarios e explica que o número de temas non se pode reducir porque cada subgrupo debe ter un número de temas determinado. Pide que se

Firmado por ALVERTE PIVIDA RODRIGO - ***4717** el día 04/12/2025 con un a 3 | 7 certificado emitido por AC FNMT Usuarios



estude e se envíen alegacións. Pide tamén que se envíen os membros que van formar parte dos tribunais das distintas escalas e subescalas que se teñen que convocar.

José Luis Pita Carballo pregunta se o temario de Auxiliar Técnico de Instalacións Deportivas (C2) ten o visto e prace do Director de Deportes, xa que segundo o seu criterio é un despropósito. Non se lle pode esixir a un C2 coñecer o funcionamento das competicións deportivas, xa que iso é unha competencia propia dun Técnico Especialista C1.

Marisa Magaz Ledo está de acordo en que ese temario non se axusta aos requisitos que se lle esixe a un auxiliar técnico de instalacións deportivas.

A xerenta di que o temario elaborouse pola xerencia segundo estándar do resto de administracións e enviouse ao director da área para as súas apreciacións. Este temario reflicte o nivel mínimo que se está a esixir nas oposicións da subescala correspondente da maioría da administracións. En calquera caso, pide que lle acheguen as alegacións oportunas, pero insiste en que no seu momento se puideron presentar alegacións e non se recibiu nada. Agora ben, hai un nivel mínimo que se ten que esixir con nivel de homoxeneidade con outras administracións.

4. Convocatoria de listas de agarda

A xerenta urxe na necesidade de convocar listas de agarda para Axudantes de Biblioteca, TE laboratorio Subescala Electricidade e Subescala Máquinas e Ferramentas, Técnico Superior, Técnico Medio e Técnico Especialista de Informática. Vanse elaborar borradores que se achegarán para as alegacións oportunas.

José Manuel García Eirín di que é lamentable que se teña que convocar un proceso de listas de agarda de TE de Informática cando vimos de celebrar o proceso selectivo desa categoría. Explica que iso é consecuencia de convocar unha soa praza e lembra que el xa advertiu que iso ía pasar, dado que ofertando unha praza, a concorrência de opositores que se presenta é mínima, polo que a lista de agarda é practicamente inexistente.

A xerenta entende que é un tema complexo. No mercado privado estase a competir por este persoal especializado, especialmente informáticos, e a universidade aínda que compite con condicións laborais non pode competir en salarios coa empresa privada.

Juan Ignacio Nogueira Alonso pregunta, tendo en conta que a Xerenta constata a dificultade para contratar persoal para o ATIC, que medidas ten previstas para facer fronte a esta situación.

Firmado por ALVERTE PIVIDA
RODRIGO - ***4717** el día
04/12/2025 con un a 4 | 7
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios



A xerenta responde que o primeiro paso é sacar as convocatorias para que as listas de agarda estean actualizadas, porque neste intre hai listas con 10 ou incluso 15 anos de antigüidade e iso non é operativo.

Marisa Magaz Ledo bota en falta que non se ofrezca sacar unha lista de agarda de TS de Prevención de Riscos xa que habería que dispoñer dunha lista de agarda para cada unha das catro especialidades que establece a normativa. A lista de agarda actual, é incorrecta xa que engloba todas as especialidades xuntas polo que se está a incumplir a normativa.

A xerenta responde que descoñecía este asunto sobre a lista de agarda actual xa que é moi antiga. Explica que a normativa non se incumpre sempre que a persoa que se contrate acredite a especialidade que se lle esixe. En calquera caso di que e efectivamente habería que dispoñer dunha lista de agarda para cada especialidade.

5. Actualización de funcións TEBS

O director da Biblioteca fai unha exposición da proposta de actualización da Escala de Técnicos Especialistas de Biblioteca. Documento que foi achegado aos presentes.

Victoria Alonso di que o persoal TEB debería de ter participado na elaboración deste documento xa que teñen moito que aportar. Sería bo facer un grupo de traballo para empezar a tratar este asunto.

O director da Biblioteca reponde que efectivamente este é un documento de traballo inicial e que a partir deste momento se pon á disposición do persoal para empezar traballar sobre el.

Rodrigo Albarte Pivida pregunta se este documento está ligado a algún cambio de modelo da biblioteca.

O director da Biblioteca responde que non.

Teresita Aboal considera que o documento como punto de partido está moi ben, xa que considera moi necesario actualizar as funcións. Pregunta por quen vai impartir o curso de orientación inicial.

O director da Biblioteca responde que será formación dada polo persoal da biblioteca pero que aínda non está perfilado quen daría esa formación.

Firmado por ALVERTE PIVIDA
RODRIGO - ***4717** el día
04/12/2025 con un a 5 | 7
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios



A xerenta di que a proposta non ten nada que ver cun cambio de estrutura na biblioteca nin cun modelo de biblioteca do futuro. Simplemente os procesos de traballo están evolucionando e trátase de dotar novas habilidades e competencias ao persoal. Non é un documento definitivo, senón unha proposta sobre o que traballar e entende que non conleva tocar a RPT. Está de acordo en que se faga un grupo de traballo que saia da Xunta PTXAS que, dado que é un documento aberto, aporte as alegacións oportunas para chegar a un documento de consenso. En todo caso, levará aparelado un cronograma de formación e un cronograma de implantación.

Victoria Alonso avoga por reforzar máis a comunicación a través das Redes Sociais para promocionar as actividades da biblioteca.

Teresita Aboal está totalmente de acordo xa que, por exemplo no Instagram da Uvigo nunca se menciona a Biblioteca Universitaria.

O director da Biblioteca considera que habería que falar coa Vicerreitoría de Comunicación para ver se se admite que a Biblioteca teña a súa propia rede social, porque o importante é que a mensaxe sexa institucional.

6. Borrador modificación parcial da RPT

A xerenta di que se achegou unha proposta de modificación de RPT polas necesidades que xurden no CACTI. Non supón un incremento dos custos, simplemente unha mera reorganización. Explica que se xubilou o funcionario do Servizo de teledetección e dado que non hai masa crítica de demanda e si se necesita esa praza de A1 no Servizo de Microscopía. A praza C1 que hai vacante non dá resposta ás necesidades do Servizo de Microscopía e que polo tipo de informes que hai que elaborar, necesítase un técnico superior. É por isto que a modificación consiste en amortizar a praza de teledetección C1 e crear a praza A1 de técnico superior. Por outra banda explica que quedou pendente da funcionarización o recoñecemento de funcións de responsabilidade á praza de veterinaria que o ten gañado por sentenza. A modificación consiste en subir o nivel de 23 a 25 porque o posto de traballo en si xa o ten recoñecido. Esta funcións de responsabilidade hai que recoñecelas porque do contrario non podería realizar funcións de responsabilidade como son o benestar animal ademais de exercer a secretaría técnica no Comité de Ética. Finalmente nos talleres de mecanizado e electrónica, non existe persoa responsable titular que poida asumir os informes e a documentación das

Firmado por ALVERTE PIVIDA
RODRIGO - ***4717** el día
04/12/2025 con un a 6 | 7
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios



auditorías. Non están as atribucións recoñecidas na RPT polo que se sube o nivel a 21 para asunción de tarefas de responsabilidade.

José Manuel García Eirín destaca un erro no documento xa que segue a aparecer a praza de teledetección. Di que non entende a présa por facer agora unha modificación da RPT dado o tempo que leva vacante.

Berta Covelo di que efectivamente esa praza, entre o tempo en IT e posterior xubilación leva vacante máis dun ano.

A xerenta responde que efectivamente hai un erro e que se enviará o documento corrixido.

7. Rolda de intervencións

A xerenta lembra que se envíe á Xerencia o crédito horario do persoal de cada agrupación sindical así como a composición das distintas comisións.

Rodrigo Alberte Pivida di que nos vindeiros días se enviará o documento.

José Manuel García Eirín pregunta se na comunicación enviada aos traballadores para o pase de laborais a interinos, aparece reflectido que os dereitos económicos son a 1 de xaneiro.

A xerenta responde que os traballadores que adoiten o nomeamento así se lles indicará na comunicación que reciban.

Rodrigo Alberte Pivida pregunta pola substitución do traballador de deportes en quenda de tarde.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:25h.

A xerenta

O secretario da Xunta de PTXAS

Yolanda T. Lesmes Romero

Rodrigo Alberte Pivida

Firmado por ALVERTE PIVIDA
RODRIGO - ***4717** el día
04/12/2025 con un a 7 | 7
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios

